



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO VACANTE NO CADRO DE PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-**

No cadro de persoal laboral do concello de Vilanova de Arousa vaise atopar vacante por xubilación do seu titular un posto de traballo de conserxe-limpador.

A cobertura definitiva deste posto de traballo levarase a cabo a través da súa próxima inclusión na Oferta de Emprego Público (OEP) do ano 2018 aprobada pola Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2018 e publicada no BOP nº 207, do día 26 de outubro 2018 e cuxa execución se prevé realizar ao longo dos próximos tres anos.

Non obstante ó anterior, necesidades do servizo aconsellan a cobertura temporal do mesmo por un procedemento de selección áxil que permita materializar con urxencia a dita cobertura. En todo caso o persoal que resulte seleccionado deberá cesar no posto de traballo no momento en que se incorpore ao mesmo o persoal que supere a dita Oferta de Emprego Público.

Neste senso o concello ten pactado co Comité de Empresa o procedemento de cobertura temporal deste posto de traballo vacante a través da petición dun listado de persoas en situación de desemprego ao Servizo de Emprego Público de Galicia que deberán someterse despois a unha proba escrita e outra proba de carácter práctico. Ademais se lle valorará ate un máximo do 40 % da puntuación final do proceso selectivo os servizos prestados ao concello de Vilanova de Arousa como persoal temporal nas categorías profesionais de limpador/a ou de conserxe con carácter acumulativo.

Por todo isto, esta Alcaldía, convoca proceso selectivo para a cobertura temporal dun posto de traballo da categoría profesional de conserxe-limpador conforme ás presentes Bases.

Xa que logo, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.





## **ACORDA**

### **Primeiro.- POSTO DE TRABALLO A CUBRIR TEMPORALMENTE.-**

**1.1.** Convocase a cobertura temporal do seguinte postos de traballo do cadro de persoal laboral do concello de Vilanova de Arousa:

- Denominación do posto: Conserxe-Limpador/a:
  - Subgrupo de equiparación: Agrupacións profesionais (antes E).
  - Categoría profesional: Conserxe-limpador/a.
  - Requisitos para o seu desempeño: -disposición adicional 7ª do EBEP (lei 7/2007). Certificado de escolaridade.
  - Adscrición: Educación. CEIP.
  - Xornada: Tempo completo.

**1.2.** A retribución do dito posto de traballo é a fixada no Anexo de Persoal dos orzamentos vixentes do concello.

**1.3.** A cobertura definitiva do ditos posto de traballo realizarase a través da Oferta de Emprego Público (OEP) do concello do ano 2018, de xeito que a persoa seleccionada neste proceso de cobertura temporal deberá cesar automaticamente no posto de traballo no momento en que tome posesión do mesmo o persoal que resulte seleccionado con carácter definitivo na dita OEP.

**1.4.** En todo o non previsto nestas Bases aplicarase supletoriamente a normativa que regula a selección de persoal ao servizo da Administración Local.

### **Segundo.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-**

**2.1.** Os requisitos que deben posuír os aspirantes para a acceder ao posto de traballo son os seguintes e deberán posuírse na data en que se realicen as probas do proceso selectivo.

- Atoparse en situación de desemprego e, como tal, ser incluído na lista que o Servizo Público de Emprego en Galicia (SEPG) remita a tal efecto ao concello.
- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Posuír o CELGA 3.
- Ademais, como requisito inescusable para a sinatura do correspondente contrato de traballo, a persoa que resulte seleccionada para o dito posto deberá presentar con anterioridade, unha vez seleccionada, un certificado expedido pola autoridade competente sobre Delitos de Natureza Sexual para protexer aos menores contra a explotación e o abuso sexual, cuxa obrigatoriedade ven establecida pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como pola lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.





## Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

**2.2.** Non obstante ó establecido no apartado anterior aqueles aspirantes que non estean en posesión do CELGA 3 poderán presentarse igualmente á realización das probas quedando obrigados a superar un proba específica de coñecemento do idioma galego que será cualificada con Apto/Non Apto.

**Cuarto.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.-** O concello tramitará a través do seu Servizo de Orientación Laboral co Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional do posto de traballo a ocupar, solicitando o envío dunha lista dun máximo de 15 aspirantes.

En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá publicar a presente resolución na súa sede electrónica "**sede.vilanovadearousa.gal**" dentro do apartado "**Oferta de Emprego Público**".

### **Quinto.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-**

A puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo é de 10,00 puntos correspondendo un máximo de 4,00 puntos ao baremo de méritos e un máximo de 6,00 puntos as probas escrita e práctica, resultando seleccionado o aspirante que acade a maior puntuación trala suma de ambas consonte ao seguinte esquema:

#### **5.1. Probas escrita e práctica.-**

**5.1.a) Proba escrita.-** Os aspirantes incluídos na lista que o SEPG remita para esta categoría ao SPEG deberán realizar nun tempo máximo de 40 minutos unha proba escrita tipo-test cun máximo de 30 preguntas con catro respostas alternativas das que solo un é correcta e que versará sobre as materias incluídas no temario do Anexo II desta resolución. Este exercicio será cualificado de 0 a 3,00 puntos, a razón de 0,10 puntos por cada resposta acertada. As respostas erróneas penalizarán de forma que por cada resposta incorrecta descontarase 0,05 puntos. As respostas en branco non penalizarán.

Os aspirantes deberán presentarse á proba escrita os seguintes documentos no seu poder:

- a) Citación para a proba emitida pola SEPG.
- b) DNI.
- c) Informe de Vida laboral.
- d) Fotocopia compulsada do CELGA 3 ou equivalente.

Aqueles aspirante que non posúan o dito CELGA 3 ou equivalente deberán realizar obrigatoriamente, en unidade de acto coa proba escrita, unha proba específica que demostre o seu coñecemento do idioma galego. A dita proba consistirá nun exame tipo-test de 6 preguntas con catro respostas alternativas dentro do tempo concedido para a

**Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003, do 19 de decembro de Sinatura Electrónica**





## Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

realización da dita proba escrita. Para ser declarado apto/a se necesita ter acertado, como mínimo, 3 preguntas. As respostas incorrectas non restarán.

**5.1.b) Proba práctica.-** Acto seguido os aspirantes desprazaranse cos seus propios medios ao lugar que lles indique a comisión de selección para realizar unha proba práctica que versará sobre as funcións propias da categoría profesional de conserxe-limpador. Esta proba será cualificada de 0,00 a 3,00 puntos.

**5.2. Baremo de méritos.-** Ás puntuacións obtidas nas probas escrita e práctica a comisión de selección agregará a puntuación resultante da aplicación do seguinte baremo de méritos que terá unha puntuación máxima de 4,00 puntos.

- Por cada mes de servizos prestados ao concello de Vilanova de Arousa nas categorías profesionais de limpador/a ou de conserxe a razón de 0,18 puntos por mes completo de servizos prestado a tempo completo. Para o caso de servizos prestados a tempo parcial se realizará a oportuna adaptación porcentual a tempo completo.

Aqueles aspirantes que non presenten no momento de realizar a proba escrita o informe de vida laboral non poderán ser puntuados no apartado correspondente do baremo.

**Sexto.- RESOLUCIÓN.-** Trala celebración das probas e a baremación dos aspirantes a comisión de selección elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado.

A resolución da alcaldía publicarase na sede electrónica do concello "**sede.vilanovadearousa.gal**" dentro do apartado "**Oferta de Emprego Público**".

Co aspirante seleccionado asinarase un contrato laboral temporal de interinidade en praza vacante cesando automaticamente cando se produza a incorporación ao posto de traballo do titular do mesmo que resulte seleccionado trala celebración da OEP na que se inclúa o posto de traballo. A incorporación efectiva ao posto de traballo do aspirante seleccionado neste proceso levarase a cabo na data que se lle indique polo concello.

**Sétimo.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-** Será nomeada por resolución da alcaldía antes da celebración das probas que compoñen este proceso selectivo. Todos os seus compoñentes deben ter a condición de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo ao servizo do concello.

Cando así se considere necesario a comisión poderá requirir o asesoramento de especialistas que, en todo caso, deberán ser empregados públicos do concello, facendo constar tal circunstancia no acta da sesión.

A comisión de selección tribunal queda facultada para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde, impulso e desenvolvemento do proceso selectivo.

**Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003, do 19 de decembro de Sinatura Electrónica**





## Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

**Oitavo.- BOLSA DE CONTRATACIÓN.-** O persoal que non resulte seleccionado neste proceso selectivo pasará a formar parte, coa prelación resultante da orde de puntuación, dunha bolsa de contratación na categoría profesional de conserxe-limpador/a. Esta bolsa de contratación substituirá á vixente actualmente no concello que se confeccionou tralo acordo da Xunta de Goberno do 3 de maio de 2016.

Coas persoas integrantes da dita Bolsa o concello poderá subscribir o tipo de contrato laboral temporal que corresponda en función da causa da súa celebración: interinaxe por praza vacante ou substitución temporal do seu titular; eventual por circunstancias da produción (acumulación de tarefas) ou de obra ou servizo determinado.

A composición da dita Bolsa farase pública da mesma forma que a resolución deste proceso selectivo.

**Noveno.- ABOCACIÓN DA COMPETENCIA.-** Abocase para este concreto expediente a competencia delegada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía do 15 de xuño de 2015.

Vilanova de Arousa na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Gonzalo Durán Hermida

ANTE MIN.DOU FE  
O SECRETARIO XERAL

Javier Bouzada Romero





## ANEXO

### TEMARIO DAS PROBAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE CONSERXE-LIMPADOR/A.

**Tema 1.-** O municipio: organización e competencias.

**Tema 2.-** O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes. Normativa sobre violencia de xénero.

**Tema 3.-** A sucidade: Orixe e eliminación. Clases de solos. Tratamentos de base para o solo. Maquinaria de limpeza. Fregadora e abrillantadora. Aspiradores de auga e lixo. Sistemas de limpeza. Varrido de solos. Fregado con mopa. Produtos químicos para limpeza. Normas de uso. A desinfección pola limpeza. Residuos sólidos urbanos: instrucións para o persoal que os manipula.

**Tema 4.-** Limpeza de centros públicos. Limpeza de áreas administrativas. Limpeza de mobiliario en xeral. Limpeza de equipos informáticos. Limpeza de mobiliario. Limpeza de cristais. Limpeza de baños e aseos públicos.

**Tema 5.-** Funcións do persoal de limpeza. Coidados do material de limpeza. Vestimenta e aseo persoal. A calidade no servizo de limpeza. Prevención de riscos laborais nos traballos de limpeza. Riscos específicos. Dereitos e obrigas dos traballadores e da empresa. Protección persoal. Levantamento de cargas. Limpeza en alturas. Prevención contra accidentes eléctricos.

**Tema 6.-** O dereito á educación. Competencias autonómicas e municipais en materia de educación. Estrutura organizativa e funcionamento dun CEIP. As funcións dos conserxes-limpadores/as.

**Tema 7.-** Control de accesos. Apertura e peche do CEIP. Depósito, entrega, recollida e distribución de correspondencia e obxectos. Manexo de máquinas reprodutora, fax, proxectores, e sistemas de audio e son-megafonía. Traballos de oficina. Revisión e reposición de materiais, equipamento e instalacións. Subsananación de anomalías e desperfectos que non exixan especial cualificación técnica. Prevención de riscos laborais específicos dos conserxes. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

